

BRICK



Tít. orixinal: Brick

Ano: 2005

Duración: 119 min.

País: EEUU

Dirección: Rian Johnson

Guión: Rian Johnson

Música: Nathan Johnson

Fotografía: Steve Yedlin

Reparto: Joseph Gordon-Levitt, Lukas Hass, Nora Zehetner, Matt O'Leary, Noah Fleiss, Richard Roundtree, Emile de Ravin

Producción: Focus Features

Xénero: drama

Sinopse: Brendan Frye (Joseph Gordon-Levitt) é un estudante de instituto do sur de California de aguda intelixencia que non teme apoiar as súas palabras con accións si a situación o require. Non obstante, prefere manterse á marxe de todo ata que a súa ex noiva, Emily (Emilie de Ravin) volve inesperadamente á súa vida, ao parecer con problemas, para desaparecer sen deixar rastro pouco despois. Os seus sentimentos por ela aínda son profundos. Demasiado. De modo que, obsesionado por saber que foi do seu problemático amor, Brendan embarcarase nunha perigosa busca que o levará a descubrir os escuros segredos dos alumnos do seu instituto e a colisionar cos mundos de estañas personaxes.

CRÍTICA por Pablo del Moral

(tomado de <http://www.labutaca.net/>)



Poderíase pensar que a xustaposición de xéneros que ofrece a película *Brick* é sinxelamente un truco barato para sorprendernos momentaneamente co enxeño do director Rian Johnson: un clásico argumento de cine negro desenvolto nunha moderna e soleada escola, con estudantes que toman os arquetípicos papeis de detectives, muller fatal, informante, rufián e líder criminal. Sen embargo, en poucos minutos vólvese evidente que esa chiscadela estilística serve como perfecto marco para unha historia de hipnótica intensidade, ben estruturada e intelixentemente escrita.

Como nas cintas de antes que emula, *Brick* comeza cun crime: Brendan, un avespado estudante, atopa o cadáver de Emily, a súa ex - noiva. Entón, en troques de avisar ás autoridades, decide iniciar a súa propia investigación, que o porá en contacto co baixo mundo que controla os vicios na escola de San Clemente. E así, conforme avanza as súas investigacións, comézanse a rebelar segredos que porán en perigo a moitos dos mozos habitantes do pequeno pobo californiano.

Aínda que os diálogos e estrutura de *Brick* imiten os do cine negro, non se senten anacrónicos, senón estilizados. A linguaxe é moderna e as personaxes combinan destramente unha actitude contemporánea cos esquemas dramáticos do cine dos 40 e 50, de xeito que a longametraxe resulta ser unha creación orixinal que fai homenaxe ao mesmo tempo que atopa a súa propia identidade narrativa. E, falando de narrativa, tamén merece aplauso o guión de Rian Johnson. Seguindo os preceptos de Dashiell Hammett, Raymond Chandler, Jim Thompson e demais luminarias do xénero, a resolución do misterio central da película é menos importante que o camiño que seguen as persoas involucradas. Noutras palabras, o punto non é descubrir ao culpábel, senón seguir a investigación do detective, coñecendo de paso ás pintorescas personaxes que xiran arredor do crime.

Indubidabelmente "Brick" ofrécenos un concepto bastante bizarro, pero gran parte do seu éxito provén do elenco, que en ningún momento cae vítima do humor inherente na proposta. Polo contrario, a seriedade dos actores presta unha gravidade adicional que contrasta vivamente co lixeiro entorno, máis apropiado para unha comedia xuvenil que para un rudo drama detectivesco. Non me malinterpreten... hai bastante humor na cinta, pero nunca provén da combinación de estilos, senón das personalidades en conflito e das estrañas situacións que se presentan.

Moitos lembrarán a Joseph Gordon-Levitt por "Cousas de marcianos", pero dende a cancelación da serie deste mozo actor buscou interesantes proxectos independentes, o que amosa integridade artística á altura do seu talento. Outra ex - estrela infantil é Lukas Haas, quen aparece no papel de "The Pin", o líder criminal que opera o seu imperio de narcotráfico dende o soto da casa da súa nai. Completan o elenco algunhas actrices xuvenís de moderada popularidade pero boa presenza, como Emilie de Ravin, Nora Zehetner e Meagan Good. E, como un dos poucos adultos do elenco, temos a Richard Roundtree interpretando ao rudo pero xusto director auxiliar da preparatoria San Clemente.

Aínda que gozei moito con "Brick" (en grande parte pola miña afección ao mencionado cine negro), non estou seguro de cal é o seu grao de atractivo para o público casual. É demasiado serio para encaixar no cine xuvenil, e demasiado lixeiro para atraer ao afeccionado ao "cine de arte". Quizais o máis doado sexa recomendala para cinéfilos na busca de algo diferente, que non encaixe comodamente en xéneros ou estilos definidos, pero que desborde calidade e imaxinación en todos os seus aspectos. "Brick" é unha gran ópera prima para o director Rian Johnson, e soamente resta agardar que a súa carreira futura amose o mesmo enxeño e visión creativa. E que se coide do mesmo Hollywood que creou as películas que el obviamente idealiza.

